11	O Imposto de Sociedades	18

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicando a normativa de carácter mercantil e fiscal.	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizouse a normativa fiscal e as normas aplicables en cada tipo de imposto.
CA1.2 Selecciónanse os modelos establecidos pola Facenda pública para atender o procedemento de declaración-liquidación dos impostos.
CA1.3 Identifícanse os prazos establecidos pola Facenda pública para cumprir as obrigas fiscais.
CA1.4 Realizáronse os cálculos oportunos para cuantificar os elementos tributarios dos impostos que gravan a actividade económica.
CA1.5 Cubriuse a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos utilizando aplicacións informáticas de xestión fiscal.
CA1.6 Xeráronse os ficheiros necesarios para a presentación telemática dos impostos, con valoración da eficiencia desta vía.
CA1.7 Relacionáronse os conceptos contables cos aspectos tributarios.
CA1.8 Diferenciouse entre resultado contable e resultado fiscal, e especificáronse os procedementos para a conciliación de ambos.
CA1.9 Contabilizáronse os feitos contables relacionados co cumprimento das obrigas fiscais, incluíndo os axustes fiscais correspondentes.
CA1.10 Descríbironse e cuantificáronse as consecuencias da falta de rigor no cumprimento das obrigas fiscais.

4.11.e) Contidos

Contidos
Imposto sobre sociedades: xestión do imposto.
Desenvolvemento xeral do cálculo do imposto: contabilidade e imposto de sociedades.
Documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.
Aplicacións informáticas de liquidación de impostos.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e Impostos Locais	18

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a tramitación das obrigas fiscais e contables relativas ao imposto de actividades económicas, ao de sociedades e ao imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicando a normativa de carácter mercantil e fiscal.	NO

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizouse a normativa fiscal e as normas aplicables en cada tipo de imposto.
CA1.2 Seleccionáronse os modelos establecidos pola Facenda pública para atender o procedemento de declaración-liquidación dos impostos.
CA1.3 Identifícanse os prazos establecidos pola Facenda pública para cumprir as obrigas fiscais.
CA1.4 Realizáronse os cálculos oportunos para cuantificar os elementos tributarios dos impostos que gravan a actividade económica.
CA1.5 Cubriuse a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos utilizando aplicacións informáticas de xestión fiscal.
CA1.6 Xeráronse os ficheiros necesarios para a presentación telemática dos impostos, con valoración da eficiencia desta vía.
CA1.10 Describíronse e cuantificáronse as consecuencias da falta de rigor no cumprimento das obrigas fiscais.

4.12.e) Contidos

Contidos
Impostos locais sobre actividades económicas.
Imposto sobre a renda das persoas físicas: métodos de cálculo da base imponible; réximes especiais; xestión do imposto.
Documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.
Aplicacións informáticas de liquidación de impostos.

4.13.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
13	Análise dos Estados Contables e Auditoría	36

4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora informes de análise sobre a situación económico-financeira e patrimonial dunha empresa, interpretando os estados contables.	SI
RA2 - Caracteriza o proceso de auditoría na empresa e describe o seu propósito dentro do marco normativo español.	SI

4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse as funcións das análises económico-financeira, patrimonial e de tendencia e proxección, e establecéronse as súas diferenzas.
CA1.2 Seleccionouse a información salientable para a análise dos estados contables que a proporcionan.
CA1.3 Identificáronse os instrumentos de análise máis significativos e describiuse a súa función.
CA1.4 Calculáronse as diferenzas, as porcentaxes, os índices e as razóns máis salientables para a análise económica, financeira e de tendencia e proxección.
CA1.5 Realizouse un informe sobre a situación económico-financeira da empresa derivada dos cálculos realizados, en comparación cos exercicios anteriores e coa media do sector.
CA1.6 Obtivéronse conclusións con respecto á liquidez, a solvencia, a estrutura financeira e as rendibilidades da empresa.
CA1.7 Valorouse a importancia da análise dos estados contables para a toma de decisións na empresa e a súa repercusión con respecto aos implicados nesta (stakeholders).
CA1.8 Utilizáronse as aplicacións informáticas correspondentes.
CA2.1 Delimitouse o concepto de auditoría, as súas clases (interna e externa) e o seu propósito.
CA2.2 Sinaláronse os órganos e a normativa que atinxen a auditoría en España.
CA2.3 Verificáronse as facultades e as responsabilidades dos auditores.
CA2.4 Estableceuse a secuencia das fases dun proceso de auditoría e os fluxos de información que se xeran en cada un.
CA2.5 Determináronse as partes dun informe de auditoría.
CA2.6 Valorouse a importancia da obrigatoriedade dun proceso de auditoría.
CA2.7 Valorouse a importancia da colaboración do persoal da empresa nun proceso de auditoría.
CA2.8 Recoñecéronse as tarefas que debe realizar a empresa nun proceso de auditoría interna ou externa.
CA2.9 Contabilizáronse os axustes e as correccións contables derivadas de propostas do informe de auditoría.

4.13.e) Contidos

Contidos

Contidos

Obxectivo da análise dos estados contables.

Clasificación funcional do balance.

Análises patrimonial, financeira a través de razóns e económica.

Aplicacións informáticas de análise dos estados contables.

Indicadores de calidade nos procesos de análise da información contable

Auditoría: definición, obxecto e clasificación. Auditoría en España. Normas de auditoría. Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Obrigatoriedade e responsabilidade da empresa nun proceso de auditoría.

Fases e contido da auditoría.

Réxime de habilitación dos auditores. Facultades e responsabilidades dos auditores. Nomeamento dos auditores.

Axustes e correccións contables.

Informe dos auditores de contas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos esixibles son os indicados ao longo da programación, que serán tódolos CA, agás os CA do punto 2 da unidade formativa de análise de estados contables e auditoría.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN

Para o cálculo da cualificacións teranse en conta as seguintes probas ao longo do curso coa ponderación indicada:

- Unidade Formativa de Contabilidade (65%)
- + Proba Escrita Operacións Comerciais + EECC e Clientes de Dubidoso Cobro (UD1+2) - 10%
- + Proba Escrita Inmobilizado non Financeiro (UD3) - 10%
- + Proba Escrita Periodificacións + Constitución Empresarial e Reparto de Resultado + Gastos de Persoal (UD4+5+6) - 10%
- + Proba Escrita Pasivos Financeiros + Activos Financeiros + Arrendamento Financeiro (UD 7+8+9) - 10%
- + Exame Global Ciclo Contable Completo (UD1+2+3+4+5+6+7+8+9+10) -- 20%
- + Práctica Contasol - 5% (Se o alumnado asiste ao 60% ou máis das prácticas establecidas obterá a súa cualificación pola media ponderada das prácticas entregadas, se acadise a menos do 60% deberá realizar unha proba escrita na aplicación).

- Fiscalidade (25%)
- + Proba Escrita IS+ IRPF (UD11 e 12) - 20%
- + Prácticas Aplicacións Informáticas - 5% (Se o alumnado asiste ao 60% ou máis das prácticas establecidas obterá a súa cualificación pola media ponderada das prácticas entregadas, se acadise a menos do 60% deberá realizar unha proba escrita na aplicación).

- Análise estados contables e Auditoría (10%)
- + Proba Escrita Análise EEFF - 5%
- + Traballo Auditoría - 5%

Para poder facer media será necesario obter un cinco ou máis en cada unha das partes anteriormente mencionadas (é dicir, nas probas escritas - en cada unha delas-, nas prácticas da aplicación informática e nos traballos que se establezan - en cada un deles).

A cualificación que aparecerá no boletín de cada avaliación será:

- 1ª Avaliación -- Media ponderada das probas escritas realizadas ata ese momento (como non estarán tódolos parciais feitos, a porcentaxe de cada proba variará mantendo o seu peso porcentual tendo en conta esta circunstancia).
- 2ª Avaliación -- Media ponderada de tódalas probas escritas e traballos realizados ao longo do curso (na porcentaxe indicada no apartado anterior).

Se non se puidese desenvolver algunha das probas escritas ou traballos, o seu peso distribuirase de xeito proporcional e ponderado ao resto de probas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA A APLICACIÓN DO REDONDEO

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións dos exames, consignadas na acta e no boletín correspondentes, no caso dos ciclos, expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos e negativas as inferiores a cinco, por tanto, só para os efectos do boletín-- a cualificación obtida na nota final obtida segundo os criterios anteriores redondearase seguindo os criterios habituais de redondeo

+ Se o dígito que debe ser redondeado é 5, 6, 7, 8 o 9, entón o número será redondeado cara arriba e o seguinte decimal será axustado de acordo a isto e así ata chegar ao número enteiro.

+ Se o dígito que debe ser redondeado es 0, 1, 2, 3 o 4, o seguinte decimal quedará igual e o decimal a redondear eliminarase, e así ata chegar ao número enteiro.

Isto NON é aplicable para as notas entre 4,00 e 4,99, que sempre se redondeará ao 4, xa que doutro xeito estaríamos dando por superada unha avaliación ou un módulo que realmente non o está

ASISTENCIA ÁS PROBAS ESCRITAS

A non asistencia a unha proba escrita sen motivos xustificadas suporá unha cualificación de 0 no mesmo. A consideración de se un motivo ten a cualificación de xustificada ou non quedará a valoración do profesor do módulo profesional. A modo de exemplo especificase que as citas con médicos de cabeceira non se admitirán como xustificación, posto que existe certa liberdade na elección da data e hora da cita. Si se admitirán xustificantes médicos de necesidade de repouso ou similares. As citas con especialistas da sanidade pública tamén serán admitidas, debido a dificultade de elección da data e hora da cita, quedando as de especialistas privados a consideración do profesor.

TERCEIRA AVALIACIÓN

Para os alumnos que non aproben o módulo na segunda avaliación e que polo tanto non podan acceder á formación en centros de traballo, estableceranse actividades de reforzo e recuperación, e manterase o esquema de cualificación explicado nas avaliacións anteriores.

Gardaranse as partes aprobadas ó longo do curso.

Calquera alumno que a través de calquera método copie nas probas escritas, nos traballos, nas prácticas informáticas ou nas actividades terá de xeito automático unha cualificación de cero nesa proba, tendo que presentarse á proba de recuperación establecida para os alumnos suspensos. Se a copia realizárase nunha proba de recuperación e fora a última proba de recuperación para esa parte do módulo, suspenderá esa parte.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non sexan quen de superar algún dos criterios de cualificación, deberán realizar as actividades de recuperación. Gardaránse durante o curso vixente as parte aprobadas, de tal xeito que o alumno poderá ter suspenso as actividades, as probas escritas, as prácticas da aplicación informática, a proba final de avaliación ou todas.

- Suspenso no traballo de Auditoría: O alumnado deberá realizar unha proba escrita sobre os contidos da unidade didáctica de Auditoría. Esta proba realizarase en marzo antes do final da segunda avaliación.

- Suspenso Probas de Control Escrita: Establecerase unha proba de recuperación por cada proba suspenso que se realizará en marzo antes do final da segunda avaliación, seguindo o esquema de cualificación da avaliación.

- Suspenso Exame Global Contabilidade: Establecerase unha proba de recuperación a realizar en marzo, antes do final da segunda avaliación.

Cómpre destacar que aprobar este exame, no seu momento inicial ou na recuperación, non recupera o resto de parciais de contabilidade, xa que a profundidade dos coñecementos que se solicitan nesta proba son menores que os que se solicitan en cada parcial. O obxectivo desta proba é

servir como unha ferramenta para que o alumnado logre unha visión completa do ciclo contable.

- Suspensas Prácticas da Aplicación Informática: Establecerase unha proba escrita de recuperación na propia aplicación informática que se realizará en marzo antes do final da segunda avaliación.

Para aquel alumnado que chegada a segunda avaliación aínda teña suspensa algunha proba, tal e como se explica no apartado 5 da programación, estableceranse durante o terceiro trimestre (abril - xuño) clases de reforzo personalizadas para posteriormente realizar as probas de recuperación correspondentes, seguindo o esquema de cualificación e as probas indicadas no apartado 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O artigo 25.2 da orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesionan inicial, regula a perda de dereito a avaliación continua para aquel alumnado que acumule faltas sen xustificar que supere o 10% do horario do módulo (15,7 horas - 18,84 sesións)

Para estes casos o alumno/a con perda do dereito a avaliación continua terá que realizar as seguintes probas para poder superar o módulo:

1.- Proba escrita que inclúa todos os contidos teóricos - prácticos explicados no módulo ó longo do curso (poderá dividirse en varias partes e días debido á extensión do módulo) (Total da proba escrita 90%).

+ Parte Teórica (10% sobre o total da proba escrita - nota mínima para a media 5 puntos).

+ Parte Práctica (80% sobre o total da proba escrita - nota mínima para a media 5 puntos).

2.- Proba sobre as aplicacións informáticas de contabilidade e fiscalidade (10% cualificación - nota mínima para a media 5 puntos)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para acadar o obxectivo mencionado na lexislación, faremos un seguimento da programación (regulado Decreto 114/2010 de 1 de xullo) realizaremos o seguimento en cada momento do curso, axudandonos da ferramenta proporcionada por www.edu.xunta.gal/programacions. Neste seguimento analizaremos en que medida estamos a cumprir o mencionado na programación, en no caso de existencia de desviacións unha explicación dos motivos que orixinaron a mesma. Ademais de xeito mensual manterase unha reunión de departamento para avaliar a evolución dos grupos.

Ademais tamén valoraremos en que medida o desenvolvemento da programación proposta está a servir para lograr os obxectivos e resultados de aprendizaxe marcados no currículo. Para lograr este punto, utilizaremos as seguintes técnicas:

- Utilización da avaliación continua como unha avaliación formativa, que nos indique se o proceso de ensinanza -aprendizaxe estase a desenvolver da maneira máis axeitada e se axústase ó indicado na programación.

- Contacto continuo en clase que tamén nos dará información do grao de satisfacción do alumnado.

- Enquisa Preliminar de Outubro: O obxectivo desta enquisa é detectar posibles desviacións e problemáticas que non son manifestadas polo estudantes durante as sesións por diversos motivos pero que si poden ser máis facilmente detectables nunha enquisa anónima na que existe un maior ambiente de confianza. A temporalización desta enquisa, xa en outubro, ten a intención de que as desviacións poidan ser detectadas a tempo para a súa corrección no propio curso académico.

- Enquisa final de marzo: A enquisa que terá un deseño similar a de novembro terá por obxectivo unha vez desenvolvida a práctica totalidade do

curso, coñecer o grao de satisfacción do alumnado e estudar a súa opinión sobre que aspectos positivos se deben potenciar e que aspectos negativos se deben corrixir, para de cara ao deseño da programación didáctica do vindeiro curso facer os axustes necesarios para que o desenvolvemento da actividade docente sexa aínda máis eficiente.

A enquisa que se poderá facer a través de medios telemáticos ou físicos, e terá unas preguntas similares ás seguintes

1. profesor explica con claridade (Valora do 0 ao 10)
2. Que tipo de soporte prefires para o desenvolvemento das clases?
 - a. Libro de Texto
 - b. Apuntamentos
 - c. Ningún, e que cada un se faga os seus propios apuntamentos.
3. A metodoloxía para impartir a materia (explicacións, resolución de actividades etc.) paréceme axeitado (Valora do 0 ao 10)
4. Paréceme que as clases están preparadas (Valora do 0 ao 10)
5. Paréceme que o profesor ten un bo trato co alumnado (Valora do 0 ao 10)
6. profesor resolve as dúbidas correctamente (Valora do 0 ao 10)
7. Existe un bo ambiente co resto de compañeiros durante a materia (Valora do 0 ao 10)
8. En xeral, atópome satisfeito e cómodo co desenvolvemento da materia (Valora do 0 ao 10)
9. Indica os puntos fortes da materia e como se poderían potenciar máis (Resposta Aberta)
10. Indica os puntos débiles do materias e propostas para a súa solución (Resposta Aberta)

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo a Orde do 12 de xullo de 2011, ao comezo das actividades do curso, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Ademais, servirá para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nos atopamos nun módulo profesional de 2º curso, obteremos a información da seguinte forma:

- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada: Ó atoparnos no 2º curso, tódolos alumnos terán unha base de coñecementos común.
- Do currículo previo do alumnado: analizando tanto os estudos previos (observando cales son e se se realizaron en España ou noutro país) como a experiencia laboral previa.
- Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas de curso: Neste sentido ó comezo da 1ª unidade didáctica realizarase unha proba de avaliación inicial, consistente na realización dunha proba de coñecementos prácticos de contabilidade, para saber que nivel recordan do impartido no módulo de primeiro curso de PIAC.
- En caso de existir alumnos con necesidades educativas especiais, utilizaremos os seus informes psicopedagóxicos realizados de acordo a orde 31 de outubro de 1996.

Toda esta información, serviranos para coñecer o nivel xeral do grupo, e desta forma adaptar a programación didáctica para evitar afastarnos da zona de desenvolvemento próximo ós alumnos.

Toda esta información vainsos facilitar a posta en marcha das medidas sinaladas no punto 8.2.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Á hora de estudar as medidas de reforzo educativo a implantar para os alumnos que non sexan quen de responder ós obxectivos programados debemos ter en conta o referente lexislativo que nos é de aplicación, como o decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación da formación profesional no sistema educativo, e onde no capítulo XV, artigo 62, relativo ó alumnado con necesidades educativas especiais, sinala que as adaptacións curriculares deben de ser non significativas. Tamén indícanos que as programacións que desenvolvan o currículo deberán seguir o principio de deseño universal da aprendizaxe.

Ademais debemos ter en conta o decreto 229/2011 polo que regúlase atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na LOE (modificada parcialmente pola LOMCE). Cabe destacar que a atención á diversidade abarca a todo o alumnado.

No artigo 4.5 do mencionado decreto, sinálase que na resposta educativa á diversidade priorizarán as medidas de carácter ordinario e normalizador, o que unido, a que como mencionamos con anterioridade nas ensinanzas de formación profesional inicial non están permitidas as adaptacións curriculares significativas, faga que as medidas de atención á diversidade que aplicaremos sexan as coñecidas como medidas ordinarias, que están recollidas no artigo 8. En particular as que teñen implicación para o deseño desta programación son:

- Adecuación das programacións didácticas ó entorno e o alumnado: Esta programación, tal e como sinalamos ó principio da mesma, está adaptada ó entorno da comarca do Condado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos internamente heteroxéneos: Ó longo do módulo poderanse propoñer agrupacións de alumando que cumpren este termo.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: En tódalas unidades didácticas propóñense actividades de reforzo ou repaso que os alumnos poderán consultar na aula virtual onde atoparán enunciado en solución e poderán preguntar aquelas dúbidas que teñan.
- Programas de recuperación: No punto 6.1 desta programación establécense os mesmos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Por educación en valores entendemos un conxunto aberto de contidos referidos a sectores de coñecemento e caracterizados pola súa alta relevancia social. Este tipo de contidos aparecen reflectidos en diversos artigos da lexislación. Máis en concreto trataremos os seguintes.

- Ética na contabilidade e fiscalidade: Nos últimos anos saíron a luz moitos problemas derivados da contabilidade e da fiscalidade nas empresas. Ó longo deste módulo trataremos de inculcar ós alumnos valores relativos a ética empresarial e cultura da calidade. Este obxectivo o logremos facendo fincapé en realizar unha análise crítica sobre a contabilidade e fiscalidade *¿Creativa¿*.
- Igualdade de xénero: Terase especial coidado na redacción dos apuntamentos e enunciados, de tal xeito que non favorezan ao reforzamento dos estereotipos de xénero. .
- Prevención dos Riscos Laborais: Prestarase un especial coidado a ergonomía dos alumnos tanto nas clases na aula ordinaria como en aula de informática.

Por último, trataremos traballar coordinadamente co resto dos módulos do seguinte xeito:

- Proceso Integral da Actividade Comercial: Coordinarémonos co profesor deste módulo, para partir dos coñecementos de contabilidade dados no mesmo.
- Xestión de Recursos Humanos: Os coñecementos adquiridos polos alumnos neste módulo, permitirán unha maior comprensión da contabilización dos gastos de persoal.
- Xestión Financeira: Os contidos de matemática e produtos financeiros, son básicos para calcular correctamente varios criterios de valoración do PXC. Traballaremos coordinados, para que, por exemplo, ata que non estuden os préstamos, nós non contabilizalos.
- Xestión Loxística e Comercial: Estudarán os diversos métodos de valoración de existencias.

- Simulación Empresarial: Este módulo é un gran resumo e posta en práctica do aprendido nas restantes materias, traballaremos cos datos que obteñen para contabilizalos.
- Xestión da Documentación Xurídica e Empresarial: Onde obteñen coñecementos base sobre as operacións legais que provocan feitos contables.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Na data de realización da programación non está programada ningunha actividade, pero non se descarta a súa realización ao longo do curso, así como o aproveitamento de todas aquelas realizadas polo departamento.

10.Outros apartados

10.1) Semipresencialidade

Aínda que non é previsible pola evolución da Pandemia a altura do ano 2023, no caso de que por calquera motivo, houbera que cancelar total ou parcialmente as clases presenciais, seguiríase coa docencia a través da aula virtual e de Cisco Webex, tratando de manter a maior normalidade posible no desenvolvemento das sesións, pero adaptando a entrega das probas a situación de docencia en liña.

No caso de que parte do alumnado non poida acudir a aula por ter que confinarse, facilitarase o seguimento do módulo a través da aula virtual, publicando os apuntamentos e actividades na plataforma Moodle e emitindo a clase en directo a través de videoconferencia. O alumnado NON poderá gravar a clase.

10.2) Aprendizaxes Imprescindibles

No caso de que houbera que optar por un escenario de semipresencialidade ou ensino a distancia, se establecerán detalladamente as aprendizaxes imprescindibles en función da duración desta circunstancia e do momento do curso 2023/24 no que esteamos.